

A CAÑIZA**A N U N C I O**

Aprobado pola Xunta de Goberno deste Concello, en sesión de 18 de decembro de 2006, inicialmente, o Proxecto de Reparcelación da Área de Reparto 3, redactado por Arquitectos RP, expónse ó público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da aparición deste anuncio no “Boletín Oficial” da provincia, quedando a documentación a disposición de calquera persoa física ou xurídica que queira examinar o expediente na Secretaría deste Concello, para presentar alegacións.

A Cañiza, a 27 de decembro de 2006.—O Tte. Alcalde, Manuel Gregorio Pérez. **2007000034**

* * *

POIO**A N U N C I O**

Corrección de erros.—Anuncio de “Modificación das tarifas da taxa por prestación do servizo de saneamento para o ano 2007”.

Advertido erro no refererido anuncio, publicado no BOP número 246 do 27 de decembro, páx. 21, cómpre facer a seguinte corrección: onde dí: “Restaurantes 201-200 m²: 68,95”, debe dicir: “Restaurantes 201-300 m²: 68,95”.

Poio, a 29 de decembro de 2006.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. **2007000017**

* * *

PONTEAREAS**A N U N C I O**

Non téndose presentado reclamacións contra os acordos de aprobación inicial, das seguintes modificacións de ordenanzas municipais, adoptados pola Corporación Municipal o 17 de novembro de 2006, quedan elevados os acordos a definitivos, sendo os textos íntegros das modificacións os seguintes:

1º INCREMENTO DO IPC ANUAL (3,7%)**NAS TAXAS DAS SEGUINTE ORDENANZAS****1.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Modifícase o artigo 4; e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

ARTIGO 4

“O custo por hora del SAF será vixado anualmente no exercicio económico que lle corresponde. Inicialmente, fíxase a hora do servizo en 6,16 euros(gastos laborais da auxiliar), sen prexuízo do aumento do custo/hora mediante a aplicación do IPC e as resultantes valoracións.

Engadirse o custo de hora do servizo, o custo de servizos ou axudas complementarias como asistencia domiciliaria.

2.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NA TAXA POR INSTALCIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA

Modifícase o Anexo; e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

ANEXO**PRIMEIRO. TARIFA**

A estrutura e cuantía desta taxa será a seguinte:

a) Pola instalación de cada quiosco, devengárase anualmente: 115,62 €.

3.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NA TAXA POR SERVIZOS DE CASAS DE BAÑOS, DUCHAS, PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVIZOS ANÁLOGOS

Modifícase o Anexo; e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

ANEXO

— Abonado individual: mensual (31,28 euros). Trimestral (81,27 euros). Semestral (128,17 euros). Anual (221,96 euros).

— Familiar 2: mensual (41,81 euros). Trimestral (108,72 euros). Semestral (171,43 euros). Anual (298,93 euros).

— Familiar 3. Mensual(46,31 euros). Trimestral (120,39 euros). Semestral (194,49 euros). Anual (338,01 euros).

— Familiar 4. Mensual (51,95 euros). Trimestral (135,12 euros). Semestral (218,27 euros). Anual (389,79 euros).

— Familiar 5. Mensual (56,38 euros). Trimestral (146,61 euros). Semestral (242,46 euros). Anual (428,54 euros).

— Familiar 6. Mensual (60,97 euros). Trimestral (158,46 euros). Semestral (262,13 euros). Anual (463,46 euros).

— Familiar máis de 6: mensual (67,02 euros). Trimestral (175,25 euros). Semestral (293,07 euros). Anual (526,35 euros).